spike-and-wave

Jesús Castro Yáñez

Juan Bello

/ l o v e w i l l t e a r u s a p a r t /

ella dijo
¿recuerdas la canción? el amor
nos destrozará
cuando vuelvas ya no quedará
nadie

la noche no existe
solo existe
el hombre que la observa

la lluvia nos caló hasta
los huesos
y el tiempo
era lentísimo

lentísimo igual
que suero en vena.

/ d i s o r d e r /

Nesta voz érguese un faro.
Unha escuma de ondas negras dálle o seu embate
e resultan as miñas palabras, rotas ata a area,
nunha praia de ribeiras trastornadas.

Cando canto, unha torre de luz
deslumbra aos tolos sen deixar sombra.
Pero a luz non abonda e con vertixe doutra raza
caemos, precipitámonos cabeza abaixo
como o faría un espírito na ignorancia.

Tratamos de escapar dalgún precipicio
pero é inútil, desnortado o intento:
o sangue non sabe dar media volta.

/ i n c u b a t i o n /

Hai unha espiga mordida sobre da noite.
A lúa, o seu abanico encendido, un ovo
que abrimos tan branco que case non doe.
Tamén un indicio de mar na boca.
A morte máis eu enquistamos perlas siamesas.

/ i s o l a t i o n /

Facemos das nosas sombras
un espectáculo atroz.
Illámonos.

Por iso ninguén sabe do pracer.

Son as nosas voces baleiras
pouco máis que outros espacios
que lle devolvemos á vida.

/ i n t e r z o n e /

Cerca,
que forma de non ser
xuntos.

Entre tantas lonxitudes
—radios, minutos—
que non chegan ao centro

convertémonos únicamente
en desviada frecuencia.

Se soamente na onda
o tacto,
que pulso, calados?
Sen vibrar,
como tocarnos?

Spike-and-wave:
Vibración ou espasmo, son e epilepsia.
Dúas ribeiras tocándose na mesma onda,
perfil único dunha sombra que pinga.

Jesús Castro Yáñez
jesusjesus.tumblr.com

Juan Bello Sánchez
bluesambulante.blogspot.com

Ilustración de G. sobre a obra
'Descending Spines' de
Alexander Calder (1956)

Nanoediciones
http://nanoediciones.com

Micropoesía — 050
Marzo de 2014

CC BY NC ND